

## Poemas sobre as cidades de Fran Alonso

(traducións feitas por Magdalena Dermišek e Vedrana Mareljić, alumnas de Galego VI)

### Texto 1:

A miña cidade pousa os beizos sobre o mar.

No inverno o mar é bravo,  
perigoso, enleante ou traidor  
e o sal abre feridas nos beizos da cidade.

No verán, o mar asubía  
cancións de amor que os mariñeiros repiten nas tabernas  
e o sal pica quente e agarimoso.

O mar lambe cos seus beizos as rúas da cidade.

---

Moj grad počiva svoje usne nad morem.

U zimi je more divlje,  
opasno, lažljivo ili izdajica  
i sol otvara rane na usnama grada.

U ljeto, more fićuka  
ljubavne pjesme koje mornari ponavljaju u kavanama  
i sol pecka topla i nježna.

More liže svojim usnama gradske ulice.



## Texto 2:

Na miña cidade,  
vertixinosa,  
empinada,  
con rúas que soben e baixan  
e baixan e soben a outras rúas,  
os autobuses son preguiceiros, cansos e torpes,  
e deixan tras de si un ronsel de fume.  
Os autobuses son coma elefantes vellos,  
coma camelos esgotados e vencidos,  
e velos, ou sentilos desde a ventá, prodúceme unha tristura animal  
que nunca podó reprimir.

---

U mom gradu,  
vrtoglavom,  
strmom,  
s ulicama koje se penju i spuštaju  
i spuštaju i penju do drugih ulica,  
autobusi su lijeni, umorni i nespretni,  
i ostavljaju iza sebe trag dima.  
Autobusi su kao stari slonovi,  
kao iscrpljene deve koje su se predale,  
i vidjeti ih ili osjetiti ih s prozora, budi životinjsku tugu  
koju nikad ne mogu potisnuti.

